

CANCIÓN mitoloxía da Nai no Valadouro

Xesús Pisón

Á avoa, onde os fermosos recordos.

A concepción sagrada da natureza e o carácter feminino que lle atribuíu o home remóntanse ás orixes da especie e semella que deron lugar á figura dunha Deusa Nai ou de diversas divindades femininas vinculadas á creación, á fertilidade e a outros poderes, e que andando o tempo foron substituídas en Europa e parte do Oriente polos deuses masculinos das relixións actuais: cristianismo, xudaísmo e islam.

Mais aquelas divindades, recicladas e mesmo ocultas, lograron sobrevivir adoptando diversas formas e hoxe constitúen algunha das figuras máis ricas do imaxinario europeo.

O obxecto deste traballo é mostrar as súas pegadas nas lendas que o Valadouro gardou ao longo de séculos, e para iso utilicei os elementos folclóricos e mitolóxicos contidos no libro *Contos do Valadouro*¹ e noutros relatos escoitados posteriormente nestas terras. De ambas fontes proceden os textos aquí reproducidos.

O primeiro que chama a atención ao lermos as vellas lendas recompiladas, é o protagonismo do *feminino* en cuestións primordiais, en canto o *masculino* adoita protagonizar relatos secundarios, en consonancia coas mitoloxías e as relixións primitivas, onde as deusas posuían uns poderes superiores aos dos deuses.

Unha hipotética orde primixenia do mundo, o destino dos humanos, e mesmo a vida ordinaria, son gobernadas nos nosos contos e lendas, por figuras femininas que no Valadouro, e na Galiza, chamamos *mouriñas*, *encantas*, *donas*, *damas*, *mulleres bonitas* ou simplemente *rapazas*, e tamén *bruxas*, *meigas*, *vellas*, *xigantas*, etc..., agrupadas comunmente, unhas e outras, no xenérico *mouras*.

Canto aos homes, acomódanse mellor aos contos cómicos e ás fábulas ou, de participaren en relatos transcendentales, ocupan un lugar secundario ou son

1. Xesús Pisón, Manuel Lourenzo, Isaac Ferreira, *Contos do Valadouro*, 3ª edición, Edicións do Castro, Sada, A Coruña, 2005.

guiados polas *mouras* para a madurez, como acontece nos textos literarios inaugurais da nosa área cultural².

O significado da palabra *mouro-moura* continúa a suscitar o debate entre os investigadores. Con todo, existe acordo en considerar os *mouros* como unha raza mítica creada pola imaxinación popular para explicar misterios remotos, fenómenos naturais e non naturais, como a construción de dólmens e castros, e mesmo a intervención máxica na orde humana.

Das distintas orixes atribuídas á palabra *mouro* acáenos a súa relación coa latina *mauri*, usada historicamente para designar a poboación musulmá do norte de África, e adoptada en Galicia como sinónimo de *non cristiáns*, de *pagás*. O feito de que a eses seres se lles chame tamén *pagaiños*³ é significativo.

Con todo, na lenda que reproducimos a seguido, para alén da homofonía *moura*, *moiras* gregas e *mira* centroeuropea, semella existir certa relación entre elas polas funcións que desempeñan. Talvez sexa unha mera coincidencia, mais paga a pena explorala.

A función das *moiras* e das *mira* consistía en repartiren os días de vida de cada persoa. As nosas *mouras* tamén aparecen como repartidoras:

Todos os anos, pola amañecida do San Xoán, xúntanse as bruxas no Xistral e reparten as moscas, tantas para cada casa, de maneira que non sobren nin falten. Tamén reparten os días da semana, pódose a dúas bandas e contando as da primeira:

—Luns, martes, mércores: tres.

Ao que responden as da outra:

—Xoves, venres, sábado, seis.

E así, tras ter casado ben os días, despídense até de alí a un ano.

Nunha ocasión, un corcovado que pasaba polo chao sentiulles facer o reparto e ficou admirado do ben que casaban os días.

Así é que resolveu que para o ano había voltar ao Xistral e intentalo el tamén.

En chegando a data sinalada, presentouse o chepudo no monte cando xa as bruxas comezaban o reconto:

—Luns, martes, mércores: tres.

Entón o home saltoulles:

² O poema de Xilgamesh, o conto exipcio Os Dous Irmáns, A odisea, Edipo Rei, etc...

³ Ademais desta acepción, no Valadouro o emprégase tamén como adxectivo referido ás persoas de baixa estatura e mesmo a unha variedade de castañas pequenas. A relación cos ananos do folclore europeo semella posíbel.

—Xoves, venres, sábado: seis.

As sabias mulleres volvéronse admiradas para el e dixéronlle:

—*Por ben casar, da corcova haste librar.*

E a chepa desapareceu das costas do home, que non atinou a pronunciar palabra coa emoción de verse libre daquela eiva.

Xa voltaba feliz para a casa, cando no camiño lle saíu un seu compadre que tamén tiña corcova, e preguntoulle como fixera para perdela. O home libre contoulle o que pasara, e o outro xurou que el tamén había ir ao Cadramón, cousa que fixo non máis chegar o San Xoán.

Agachado detrás dunha caxigueira, agardou polas bruxas, que apareceron antes de romper o día e puxéronse a contar:

—*Luns, martes, mércores: tres.*

O chepudo, non querendo perder vez, e pensando casar mellor que elas, retrousoulles:

—*Xoves, venres, sábado: seis.*

E domingo: sete!

Entón as sabias volvéronse para o intruso e castigárono con esta maldición:

—*Ti, por mal casar, dúas corcovas has levar.*

E puxéronlle una chepa máis, por retrouseiro. Así o home cangou con dúas para o resto da súa vida.

Podemos interpretar o reparto dos días como reparto de vida. O reparto das moscas semella misterioso, mais compre lembrar que en Galiza, e en Europa, estes insectos foron considerados tradicionalmente como metamorfoses das bruxas ao servizo da morte, como veremos tamén nun exemplo incluído neste traballo.

En todo caso, no conto observamos como as repartidoras premian un dos chepudos por ter sintonizado coa “canción” dos días, que representa, a antiga orde humana, e castigan o chepudo imprudente que ousou alterar a tal orde incluíndo no recitado o domingo, símbolo da orde cristiá⁴.

Outra lenda dá conta dos detalles da xuntanza anual:

A Noite de San Xoán, as meigas do Val da Mariña xúntanse no Monfadal, untan os corpos con touciño, e ás doce da noite voan dacabalo de vasoiras de xibarda, collidas de dúas en dúas pola mao dereita, soben á Infesta, beben auga na fonte do Espiñarcao e guíndanse no Xistral coas meigas do Valadouro e doutras

4. En oposición ao “día do sol” precristián, que se conserva aínda do *sunday* inglés.

partes, onde fan o reparto das moscas e das pulgas para todo o ano.

Na mesma data máxica e nun lugar especialmente máxico acontecía o seguinte:

A Noite de San Xoán ían dous homes de cada parroquia ao Pau da Vella para o reparto das moscas, e todos os anos había reñacos de Budián, pois estes só querían tabaos.

E tamén:

Algún tempo os curas do Valadouro, de Viveiro, de Cervo e de Xove ían unha vez no ano ao Pau da Vella e xantaban sentados arredor da cruz.

Aquí o único que ficou do reparto é o escenario: o Pau da Vella, nos montes do Buio, que marca a confluencia de catro parroquias e que, alén de marco territorial, debeu ter unha función relixiosa primitiva, substituída polo encontro de curas, delegados da “nova orde” de Roma para gobernaren a maxia das parroquias, que aínda así non lograron disimular o arrecendo precristián do relato, presente na merenda dos cregos, que lembra o xantar relixioso que celebraba o comezo da primavera nos chamados países celtasⁱ.

No lindeiro suroriental do noso territorio consérvase outro topónimo significativo: A Pena dos Catro Cregos, que marca tamén a confluencia de catro parroquias: as Oiras, Romariz, Figueiras e Os Remedios. A Pena xa non existe nin coñecemos lendas alusivas, mais o carácter relixioso, referencia dun posíbel culto anterior, semella tamén clara.

Retomando o tema das bruxas, diremos que as gardadoras da orde primitiva mostran ás veces outra aparencia, mais conservan a forma tríade, igual que as *moiras* e as outras criaturas que vimos de citar, gardando ademais un nome máxico e escollendo para vivir unha morada igualmente marabillosa:

Na ferverza da Candea Branca saen a peitearse tres doncelas que se chaman Ana, Xoana e Viviana⁵⁶.

Ana, Xoana e Viviana, un nome máxico por conter nas tres formas as partículas prerromanas *ana* e *an*, que están presentes nos nomes de deusas-

⁵. No Valadouro, na segunda metade do século XX, o Domingo de Ramos, aínda algúns nenos portaban roscas penduradas con fitas de cores nos ramos de loureiro.

6. Viviana é tamén o nome da Dama do Lago da lenda artúrica.

nais como Inanna de Mesopotamia, Anat de Asiria, Ananké de Grecia, Zana dos Balcáns, Dana de Irlanda, Diana de Roma, Santa Ana da Cristiandade, etc..., e que fan referencia ás augas (ana) e tamén ao que garda semellanza ou unidade (an), neste contexto, a unidade orixinal do mundo.

Conque as *moiras*, as *nornas*, as *parcas*, as *matres*, etc..., posúen unha forma tríade por gobernaren o nacemento, a vida e a morte, seguindo a orde máxica do mundo que foi percibida desde a prehistoria como a unidade activa do ceo, da terra e das augas⁷. Esta cualidade obsérvase claramente nos antigos relatos de Albania, talvez o país europeo máis rico en mitos e lendas, onde a Deusa Nai adopta tres formas: E Bukara e Dheut (a Bonita da Terra), E Bukara e Detit (a Bonita do Mar) e E Bukara e Quiellit (a Bonita do Ceo).

En paralelo, o noso trío de ninfas vela pola vella orde, que esixe celebrar o rito salvador cando se produza o encontro do sol ("ao nacer o día") coas augas do río en que elas moran e coa terra, onde moran os homes:

En Guilfonso había tres irmás que se chamaban Ana, Xoana e Viviana. Un día, ao pasaren o río, saíu o Encanto e levounas. O pai das rapazas, vendo que non voltaban para a casa, foi na súa procura e ao chegar ao río díxolle o Encanto:

—Toma estes tres bolos de pan. Mañá, ao nacer o día, halos botar no río dicindo os nomes das nenas, e tenta con botalos enteiros, que se os botas encetados non as verás máis.

O home foise para a casa cos bolos, e para que a muller non llos vise agachounos na corte. Ao chegar a noite, a muller foille dar ás vacas e atopou os bolos, e como tiña fame deulle unha dentada a un deles, e o bolo sangrou. A muller agachouno onde estaba e foise deitar sen dicir palabra. Á mañá, cediño, o home voltou cos bolos para o río, guindou un deles na auga e dixo:

—Ana.

E saíu un cabalo coa filla máis vella.

O home botou outro bolo e dixo:

—Xoana.

E saíu outro cabalo coa filla mediana.

E botou o bolo encetado e dixo:

—Viviana.

E o cabalo que traía a máis nova non deu saído do río porque lle faltaba unha pata. Entón a rapaza díxolle ao pai:

—Lévelle esta fita á mamá e dígalle que a amarre á cintura, que senón non me ha ver máis.

7. En tempos, na noite de San Xoán, había nas nosas aldeas o costume de encher tres cuncos de terra, auga e ar, e deixalos nas portas das casas.

O home desconfiou daquelas palabras e amarrrou a fita arredor dun carballo, e no momento a árbore arrancouse do sitio e afondou no río.

Como a nai das rapazas quebrantou a orde máxica disposta polo Encanto, este tenta castigala, igual que as bruxas castigaran o chepudo insolente.

Un elemento presente no conto, o pan concedido polo encanto, ponnos en contacto con outra divindade das augas, a *mater nutrix* ou “vella que reparte pan” en diversas lendas europeas de orixe neolítica e que algúns investigadores consideran sucesora da Deusa Nai paleolítica na súa función de “aleitadora primordial”.

Na seguinte lenda, o “principio feminino” abandona a forma triple e mostra o propio rostro da vella:

Máis abaixo da igrexa de Budián está a Pena Redonda, que a trouxo na cabeza unha vella que viña fiando na roca.

Nas lendas galegas e europeas aparece con frecuencia a figura da vella ou Deusa Arcaica, ás veces de grande estatura, que transporta na cabeza enormes pedras para construír os dólmens e os castros, ou sexa, o mundo ordenado, pois as antigas deusas-nais non tiñan exclusivamente un carácter materno, senón que gobernaban tamén o mundo físico e o social. A Pena Redonda de Budián, pese a ser un elemento natural, constitúe un fito ben diferenciado na paisaxe, e talvez por iso foi asociada desde a prehistoria a una vontade de orde⁸.

Das varias lendas do Valadouro que se refiren a estas vellas ou xigantas, reproducimos un exemplo:

Cando Rafael de Sidro baixaba de apañar o molime en San Tomé, reparou en que deixara o paraugas no monte, e voltou alí. Un pouco máis abaixo da Ponte de Paredes viu saír unha vella do río, da altura de tres homes, e pór a roupa a enxugar. O home asustouse tanto que deixou o paraugas e escapou a correr para a casa.

8. Debeu ser tamén a vella quen fincou a cruz ou antropomorfo de pedra no lugar que chaman O Pau da Vella, nos montes do Buio, pois o nome “pau da vella” é sinónimo de “fuso da moura”, que ten designado algúns menhires en Galiza, igual que “El Fus de la Geganta” na illa de Menorca ou a “Witch’s Stone” en Escocia. E ben lonxe da nosa Terra atopamos O pau (*maquel* en hebreo) de Asherah, que era un poste, betilo ou menhir situado nos montes sagrados para honrar a deusa nai.

Mais a *vella*, igual que a Deusa ou deusas primitivas, e igual que a natureza, mostra tamén un rostro destrutivo:

Un rapaz de Frexulfe que viña do Xesto coas ovellas viu pasar unha muller que levaba unha pena moi grande na cabeza, e en chegando á casa fíllelo contar aos pais. Eles contestáronlle que non voltase por alí co gado, xa que a muller que vira era unha Encanta e podía levalo canda ela.
O rapaz prometeu facer como lle mandaban, mais ben seguro que desobedeceu, porque ao outro día foise co rabaño para o monte e nunca máis voltou.

A *vella* de Budián, ademais de portar a Pena Redonda na cabeza, viña fiando na roca, ou sexa, creando a *urdime*, a cultura, igual que Eva, xa no exilio, é representada ás veces co fuso e a roca inaugurando a orde humana⁹.

Tecían as *moiras*, igual que as *mira*, o destino de cada home. Cando nacía un neno xuntábanse as tres arredor do berce. A primeira delas creaba o fío da vida, a segunda medíao e a terceira cortábao... Na seguinte lenda detectamos o parentesco das antigas deusas coa nosa *vella*, ao portaren todas os antigos instrumentos máxicos: o fuso, a roca e as tesoiras.

Unha vez xuntáronse dúas rapazas na Pena do Golpe, do Pereiro, pois acordaran agardar alí polos mozos para iren á festa do Cadramón. Como estes tardaban, foise facendo noite. Niso as rapazas viron unha luz polo camiño, e cando chegou a elas resultou ser unha vella que viña fiando e mais traía unhas tesoiras de ouro. A vella preguntoulles ás mozas se lles gostaban as tesoiras, e como elas dixeron que si, déullelas. Desde que chegaron os rapaces, botaron a andar moi contentas para a festa, mais de camiño deron en rifar polas tesoiras e estas desapareceron.

Ademais do castigo que sofren as rapazas, igual que o sufriu o chepudo, vemos que as tesoiras sinalan un rasgo moi frecuente nas nosas lendas: o vínculo entre as figuras femininas e o ouro. Aínda que algúns dos relatos aluden aos mouros con relación a este metal, fano sempre, como xa dixemos, xenericamente, en canto as *mouras* adoitan presentarse como protagonistas das historias.

9. Existen representacións medievais da Virxe e de Santa Ana co fuso e coa roca na man, seguindo o modelo das deusas fiandeiras. Posteriormente, o gusto gótico-burgués converteu ambas en submisas costureiras.

O ouro pode ser buscado polos homes polo seu valor material, mais adoita acontecer en lugares especiais: Cotos singulares, penedos, fontes, castros, dólmens...:

Un home que andaba coas ovellas no chao do Padorno, sentindo que lle viña encima a treboada, gardouse debaixo dunhas penas, e como non paraba de chover, botou a noite enteira alí. Cando acordou, á mañanciña, viu que a auga lavara o acubillo, descubrinto un baño cheo de ouro. Axiña quixo facerse con el, mais o baño pesaba tanto que o home tivo que baixar á aldea e xunguir unha parella de bois para carretalo. Co ouro que tirou fixo un casal, que aínda hoxe lle chaman o Casal do Rico.

O conto non aporta o dato, mais ben seguro que as “penas” onde se gardou o home non son outras que o dólmén do Padorno, pois a tradición relaciona as construcións megalíticas con aconteceres marabillosos.

Todos os contos e as lendas relativas ao ouro teñen, si, un contido máxico, aínda que semellen meras indicacións xeográficas:

No Monte das Folgueiras está a Pedra das Ferraduras, que ten marcadas dúas pasadas de cabalo, e din que debaixo hai ouro.

Ou tamén:

No formigueiro hai enterrada unha catedral de ouro que a ha descubrir unha cabra co pé.

E aínda que o ouro se encontre en dólmens ou en castros, ás veces dase sen mediación directa dos seus moradores, como aconteceu en Vilacampa:

Da Arca de Vilacampa levan sacado ouro a carros. E nunca se acababa. Viña xente cos bois, levaba todo canto había, e de alí a un tempo a arca volvíase encher de ouro. Foron tantos os carros que levaron que aínda se vían as pasadas das rodas antes de facer a pista nova.

E tamén en Recaré:

Ían dous homes buscar o ouro que hai enterrado na Corveira e de camiño pararon nunha casa de Recaré por beber unha pouca de auga. Alí díxolles un vello:

—Para dar co ouro tedes que cavar cantando. Se falades, o ouro non aparece.

Os homes seguiron camiño, e ao chegar ao couto puxéronse a cavar e a cantar, como lles dixeran o vello. Aló contra a noite deron co ouro. Entón un deles dixo:

*—Grazas a Deus!
E o ouro desapareceu.*

Mais na maioría dos casos o ouro é concedido por unha muller, a moura, ben de maneira interesada:

No Monte Leboreiro hai unha Dama que lle ofrece unha lebre de ouro a quen lle desenlee o cabelo.

Ou por un antollo:

Unha vez pasaba un home pola Furada do Encanto, do Cadramón, e niso saíulle unha muller moi guapa e díxolle se quería casar con ela. O home contestoulle que non podía, que xa estaba casado. Entón a muller engadíu:

—Pois toma logo este diadema de ouro e lévallo á túa muller. O home foise moi contento, e ao chegar á casa contoulle á muller o que lle pasara. Ela puxo o diadema na cabeza e no momento ardeu enteira.

Tamén para probar a confianza da xente:

En Frexulfe, no Couto de Montoxo, había unha pena grande que lle chamaban a Pena Moura. Unha vez pasou por alí un obreiro que viña de cavar na roza, e aparecéuselle a moura e díxolle que había unha trabe de ouro que ía por debaixo da terra desde alí até a ponte de Centoi, e que se descubría coa escalada dunha galiña. O home prometeulle á moura que había voltar para buscar a trabe, e ela díxolle que se demoraba máis de catro días non había dar con ela. Os catro días pasaron, e cando voltou o home xa non había tal pena, que a fenderan uns canteiros para facer os nichos de Frexulfe.

Ou mesmo para tentala:

Se alguén se achega ao Canedo sáelle do río o Encanto de Esqueira e téntao con dúas huchas moi grandes. Unha delas está chea de cruces de ouro, e a outra, de alcatrán fervendo.

Na seguinte lenda observamos a contraposición amor/riqueza ou natureza/cultura que constitúe o núcleo de moitos mitos e obras literarias, tal é *O anel do Nibelungo* de Wagner, onde a escolla do poder contra o amor é o desencadeante da traxedia:

Un mozo da Frexulfe ia para o baile de Recaré cando se lle presentou unha rapaza moi bonita que tiña un tesouro nunha cesta. O rapaz ficou a ollar para aquelas pezas tan bonitas: culleres, alfaías, un chifre...Todo de ouro. E entón a rapaza díxolle:

-Que é o que máis che gusta do que ves?

O mozo contestou:

-O chifre.

E a rapaza repuxo:

-Pois se dixeras que era eu, teríasme a min e máis o tesouro. E así non levas nada.

E desapareceu coas xoias.

Os motivos semellan diversos, mais a intención das mouras no seu trato cos humanos consiste en situar estes ante a orde máxica na que deben integrarse para acadaren o “tesouro primordial”, que é a madurez. Por iso quen topa coas mouras é sometido aos chamados “traballos do heroe”: se supera as probas é recompensado, como lle aconteceu ao primeiro chepudo; se fracasa é castigado, como o segundo, ou como a nai das ninfas, como o home do diadema, etc...¹⁰

Con todo, en ocasións, o ouro e a maxia maniféstanse mediante a suplantación dos antigos protagonistas :

Un cura que había no Castro tiña un libro que abría as penas, e víase dentro unha misa moi guapa cos santos todos de ouro e o altar tamén de ouro. E cando o señor cura pechaba o libro, a pena tamén se pechaba.

Pese á trampa, as ninfas semellan saudábeis e felices:

Na Casa do Encanto de Paredes saen tres rapazas a lucir o cabelo enrestrado.

10. Estes encontros das mouras cos humanos lembran, non por casualidade, o episodio iniciático de Edipo e a Esfinxe.

E:

Nas Arcas da Pena Moura vense unhas rapazas moi guapas que se están peiteando con peites de ouro.

A imaxe das *mouras* a luciren ou a peitearen o cabelo, ademais do xesto sedutor vinculado ao sexo e á fertilidade, garda un significado solar, dacordo con certos relatos europeos onde as *sidhes*, ao se peitearen, provocan a saída do sol. Este aspecto concorda coa seguinte lenda nosa:

Unha nena do Chaíño, en Frexulfe, viña a mediodía para a casa cun feixe de molime cando viu unha muller sentada nunha pena con dous peites de ouro na man. A muller pediulle á nena que a peitease, mais esta tomou medo e escapou a correr. E de repente fíxose denoite.

Os peites son de ouro porque os cabelos das ninfas son fíos de sol, e este non pode ter trato cunha substancia menos nobre, igual que sucede con diversos obxectos das nosas lendas, tal é a trabe de ouro, que semella sustentar a orde máxica:

Ao pé do Castro había unha cova que tiña na porta unha trabe de ouro, e na soleira a pelella dun touro. Se alguén quería entrar e pisaba a pelella, caía a trabe e a cova desaparecía.

De ouro son tamén as columnas que terman da morada de Helios e os muros do castelo onde mora a Virxe, deusa solar na lenda de San Amaro, e mesmo o encanto noso da Galiña con Pitos, símbolo elemental da maternidade¹¹:

Nos Degrosiños, unha muller que viña de lavar viu unha galiña cunha larada de pitos, e púxolles a mantela ao son do camiño, chamando por eles:

—Pitos, pitos, pitos...

Os pitiños metéronse na mantela e a muller levounos para a casa, moi contenta. Cando abriu a mantela para acochalos na lareira, viu que os pitos se volveran moedas de ouro.

Conque o ouro garda un valor simbólico, unha raíz sagrada que semella vital encontrar para salvagardar a vella orde da vida. Esta cualidade adoita ir revestida de formas recitadas ou mesmo cantadas, como a das bruxas do Xistral, que xa vimos, ou como esta que segue:

11. A Galiña cos Pitos é un dos nomes europeos das Pléiades, que se poden observar ceo durante os meses da fertilidade agrícola.

*No Chao da Arca
hai o pelexo dunha vaca branca
cheo de prata,
e no Rego Bailouro
hai o pelexo dun boi mouro
cheo de ouro.*

A relación entre o ouro e o sagrado é indiscutíbel. Tamén a relación entre o ouro e o sol, como mostra a seguinte lenda, en que a acción de pisar a soleira, a “pedra do sol”, carrega a conversión do protagonista no envés infernal da propia pedra:

Na Fraga da Amoradoira hai un tesouro enterrado debaixo dunha caseta. Se alguén pon o pé na soleira para pillar o tesouro, fica convertido nunha pedra negra, e ten que agardar así até que pase alguén que saiba desencantalo.

Ademais, a data máis sinalada en que os encantos e os tesouros se manifestan é o día do San Xoán, a xornada do ano en que o sol permanece máis tempo no ceo:

Na Fraga das Lérias hai un Castelo de ouro que só se ve o Día de San Xoán.

E máis:

O Día de San Xoán, os de Santa Cruz madrugan para ver a roupa tendida do Encanto do Padorno.

A “roupa tendida”, outro dos encantos que se ve no Valadouro, é roupa tendida ao sol polas mouras, que gustan de por a asollar os tesouros. Este encanto lembra a lenda de Santa Bríxida de Irlanda, figura cristianizada da deusa solar Brigid. A lenda conta que estando a Santa coas ovellas no monte, caeu unha chuvia tan grande que a enchoupou toda. E desde que escampou, a Santa tirou o vestido e tendeu-no a enxoiar nun raio do sol.

As nosas ninfas, mesmo privadas do sol, fan milagres semellantes:

No Río das Donas hai unhas mulleres que poñen a roupa a enxoiar pola noite, e aínda que chova, a roupa seca igual.

O vínculo entre o *feminino* e o sol, presente nas nosas raíces culturais orientais, lembremos a deusa do sol de Creta ou de Anatolia¹², comeza a debilitarse cando a muller se identifica máis coa terra e coas augas, e xa na Idade do Bronce desprázase para o universo dos varóns, que andando o tempo inspirará o belicoso panteón da mitoloxía clásica.

Ademáis do vínculo do ouro e do sol coa muller, encontramos nos nosos relatos o primitivo vínculo do ouro coas pelepas de animais:

Un neno de Recaré andaba a apañar nas castañas xunto da igrexa cando atopou unha moeda de ouro e foilla mostrar ao pai. Este díxolle que debaixo da igrexa había a pelella dun carneiro chea de moedas e que xa o seu avó quixera ir cavar alí, mais o cura non lle deixara.

A pelella de ouro refire elementos culturais ben coñecidos: o carneiro máximo que transporta a deusa Mari da mitoloxía vasca, o becerro solar adorado polos xudeus guiados por Moisés, a pelella que viste Xoán o Bautista¹³, santo solsticial que lexitima o novo deus bautizándoo no río Xordán, ou sexa, propiciando, como nas nosas lendas, o encontro do sol coas augas e coa terra.

A maxia e a razón, xa que logo, a sinalaren o ouro, as pelepas de ouro, os animais que descubren o ouro...:

En Pero Amigo hai unha caseta, e debaixo hai a pelella dun boi mouro chea de ouro e prata, que ha ser destapada polos pés das cabras.

E tamén:

No Monte do Castelo hai enterrada a pelella dun touro bañada en ouro. Se vai alí unha cabra e escaravella co pé na terra, aparece a pelella. Se van os homes e cavan, non aparece nada.

Pois os humanos, ao termos dissociado a razón e a maxia, o coñecemento científico e o poético, vamos perdendo o poder de contactar co sagrado, o tesouro máis valioso.

12. Ademais, nas linguas celtas, o substantivo *sol* era feminino, e na mitoloxía vasca, o sol, chamado *eguzki*, é unha divindade feminina.

13. A figura solar de San Xoán é tan importante que na historia da arte aparece con frecuencia acompañando a grande tríade materna coñecida como *Santa Ana Triple*.

E con todo, se aínda somos quen de escoitar a “canción” das bruxas, saberemos que hai animais que son ouro:

Un home do Cadramón viña un día de Viveiro cunhas bestas cargadas de sal, e como traía con el o fillo, pararon a descansar onde as Arcas de Sinás. Entón o neno viu meterse un paxariño debaixo das pedras, e ao quere-lo pillar atopou un tesouro moi grande, que era formado de moedas e mais dun cabrito de ouro.

Animais que son o sol:

No Monte da Fresqueira hai un boi roxo debaixo da terra, e un día hase levantar e ha varrer as casas de abaixo.

Animais que son mulleres, tal a cerva Artemis, de cornos solares, metamorfose da propia deusa:

Xan da Xelfa estaba a apañar na braña xunto da Pena da Meiga, do Cadramón, cando viu saír a vella, que tiña uns cornos de ouro. Xan guindoulle a pucha e díxolle:

*—Toma da miña pobreza
e dáme da túa riqueza.*

Mais a meiga non lle fixo caso e seguiu camiño pola Veiga da Lagorza.

Mulleres que levan o sol na cabeza:

Nas Penas do Boival, do Cadramón, hai unha muller moi bonita que ten o cabelo de ouro e unha pita que dá moi ben a xente que se achega alí.

Mulleres que gobernan tamén a “casa humana”, premiando coa luz a quen obra como un fillo:

Unha nena do Cadramón andaba a brincar xunto do Pozo dos Encantos cando se lle apareceu unha muller moi guapa que lle dixo:

—Neniña, hasme traer mañá unha cunca de leite callado para merendar?

A nena contestoulle que si, e voltou para o outro día coa cunca, que pousou na beira do río. De alí a un pouco saíu a muller, pillou o leite callado e díxolle á nena:

—Mañá tráesme un púcaro de mel?

A nena tróuxollo tamén, e a muller requiriu:

—E mañá tráesme unha ovella?

A pícara voltou para a casa moi apesarada, pois non sabía como cumprirlle o antollo á muller sen que os pais se decatasen. Así e todo, ao outro día pillou unha ovella da corte e foise con ela para o río. Mais a muller non apareceu. Entón a ovella púxose a escaravellar coa pata na terra e destapou a pelella dun carneiro chea de ouro.

Mulleres que, obrando como nais, castigan a inmadurez:

Unha nena do Lugar da Pega, en Adelan, foi unha mañá levar as vacas para o monte, e no Penido dos Corvos viu unha Encanta que estaba a peitearse enriba dunha pena. A pícara achegouse para vela mellor, e niso a Encanta desapareceu, mais deixou quedar os peites, que eran de ouro. A nena pillounos e foise para a casa. Así que llos viu a mai, tomou tanto medo que lle dixo:

—Vaite agora mesmo alí e deixa os peites onde estaban.

A nena obedeceu. E cando chegou á pena as vacas desapareceran.

Mulleres que danan a quen lles arrebatou o sol:

Unha fada estaba a peitearse cuns piriquireites de prata e de ouro cando unha muller que por alí pasaba lle levou as xoias para dúas fillas que tiña. E cando estas se foron peitear caeron mortas.

Mulleres, en fin, que reclaman o seu:

Unha muller de Valdeinfernos ía para o mercado de Ferreira cando, ao pasar polo Pozo da Onza, viu unha dama pequeniña e moi bonita que tiña os cabelos de ouro e estaba a peitealos cun peiteiro tamén de ouro. A muller prendouse daquela xoia e pediulla emprestada á dama. Ela deixoulla levar coa condición de que lle atendese os pitos do curral. A muller consentiu e foise moi contenta co peiteiro. Mais nunca voltou. E aínda hoxe din que no Pozo da Onza se senten os laios da dama:

—Devólveme os peiteiros!

Devólveme os peiteiros!

O tesouro máis prezado, aquel que é vital encontrarmos, por camiño propio, cara ao Xistral, talvez, onde as sabias mulleres agardan o abrir do sol para repartiren a alegría a quen a Canción souber.

II

Vimos de ver que o encontro do sol coas augas e coa terra simboliza a unidade primitiva do mundo. Sinalamos agora un segundo elemento que atopamos nas nosas lendas: o vínculo entre as augas e o *feminino*, e outravolta, a hexemonía deste sobre o *masculino*.

Hai quen obxecta a relación do *feminino* co sol e coas augas, atribuíndo senllos principios fecundantes ao home e á muller, que co seu encontro posibilitan a xerazón de vida. Mais este é un concepto relativamente moderno, e ademais a vida non é posíbel sen a xestación, o parto e a alimentación das crías, e isto é un atributo da muller que, segundo vimos, coa aparición da agricultura, reforza o seu vínculo coa terra, gañando transcendencia a respecto do cazador primitivo, que continúa a gobernar só a codia das cousas.

De non ser así, e as funcións dos homes e das mulleres seren equiparábeis, veríase reflectido nos mitos e nas lendas, e tal cousa non sucede, pois os homes prefiren partillar a vida cos animais, conduta que expresa o proceso da madurez humana, que pode culminar no éxito, como acontece no conto de Branca de Neve, ou no fracaso, como ilustra o *Hipólito* de Eurípides. O éxito, así o indican os mitos, é o encontro da deusa-nai, señora dos animais, cos seus inmaduros compañeiros, que agardan sen sabelo o momento de chegaren a ela para se converteren en heroes.

As mulleres que gobernan o ouro adoitan morar en ríos, fontes ou lagorzas, mais tamén gustan das penas:

No Pico das Meigas hai unha pena que lle chaman a Pena da Meda e séntese tecer dentro dela.

E tamén, como dixemos, gustan dos dólmens:

*Nas Huchas do Tesouro, en Sinás, hai unha muller moi bonita
que non se deixa ver, agás no víspera do San Xoán.*

Dólmens, penas..., pedra, ao cabo, imaxe da trascendencia, que ás veces
vólvese, igual que as augas, un instrumento do mal:

*Un vello de Esqueira tiña un libro para ver o ouro dos encantos.
Un día o fillo pillou o libro e botou a andar con el para as Arcas
da Penamoura. Ao chegar alí abriuno e viu o ouro que había
enterrado. Niso o vento pechoulle o libro e o rapaz quedou alí
para sempre.*

E tamén:

*Unha nena de Guilifonso andaba no monte coas ovellas cando
se lle presentou unha muller que tiña unha cabeleira loira moito
bonita, e díxolle se a peiteaba. A nena púxose a peiteala tan ben
como puido. E desde que acabou, a muller díxolle:*

*—Toma este galano e gárdao no peto. E non mires o que é até
chegares á casa.*

*Mais de camiño, a nena meteu a man no mandil, e ao ver que era
un cacho de carbón, tirou con el. Cando chegou á casa contoulle
á nai o que lle pasara, e ela díxolle:*

*—Ai, muller. Non ves que a señora que viches é a Encanta, e o
que che deu era un cacho de ouro.*

*Conque ao día seguinte a nena volveu co rabaño para o monte e
atopou a muller no mesmo sitio. Esta pediulle outra vez que a
peitease, e cando a nena se dispuña a facelo, a muller pillouna
polo brazo e meteuna nunha pena. E alí quedou a cativa. Aínda
hoxe din que a senten chorar dentro da pena.*

A aparición dunha muller marabillosa ante nenos-pastores, presente tamén en
lendas europeas, foi aproveitado pola Igrexa para elaborar numerosos milagres,
suplantando a tal muller coa figura da Virxe. Ademais, os autores teñen escollido
como escenario preferente das aparicións certas covas ou abrigos rochosos, tal
son a Cova da Iria, en Fátima, a de Covadonga, a de Lourdes ou a nosa do
Corpiño, imitando os pintores prehistóricos, que converteran as covas en
santuarios da Deusa-Nai¹⁴.

Volvemos ás augas e reproducimos un conto vencellado ao tema clásico da
Outra Beira, onde moran as almas dos defuntos:

14. En Euskadi existíu o costume de celebrar misas en determinadas covas, como a de Murumendi, que a tradición ten por morada da deusa Mari. Outras covas acollían procesións de pastores e diversas ofrendas.

A Mercurina era unha muller do outro lado que se entendía cun home deste lado e víanse na fonte que leva o nome dela e que está no Rego de Sinás.

Refírese á Fonte da Mercurina, que marca a fronteira entre o Valadouro e Ourense. Sospeitamos que o “outro lado” e “este lado” que cita a lenda non se refiren a ambos concellos, pois Mercurina é un derivado de Mercurio, deus romano das fronteiras que orixinalmente conducía as almas dos defuntos para o “outro lado” a través das augas, atributos herdados do Hermes grego. De existir conexión entre o relato e a mitoloxía, os que se vían na nosa fonte serían unha criatura do Alén e o seu amante local.

O tema do “outro lado” aparece tamén no seguinte conto:

Un rapaz viña da misa pola noite e ao chegar ao río sentiu unhas voces na outra beira. Entón alumou co foco que levaba e viu o pai, que morrera había anos, a falar con outros mortos. O pai díxolle:

—Vaite, fillo, que senón teño que matarte a ti e mais a túa nai.

O rapaz contestoulle:

—Mata a miña nai, se queres, que eu aquí non me movo.

Entón o pai e os outros mortos fóronse, e o rapaz seguiu camiño para a casa e deitouse sen lle contar nada á nai.

Para o outro día chegou unha veciña á casa e atopou o rapaz e a nai mortos, coa roupa toda enchoupada.

Mesmo as augas bentas poden agochar o mal e a morte:

Un home do Cadramón que emigrara á Arxentina sendo neno, voltou un día con intención de coñecer a súa terra.

Estando no Cadramón, foi visitar a igrexa onde o bautizaran, e ao pouco de entrar sentiu uns laios.

—Ai, aí...

O home volveuse e non viu ninguén, mais pareceulle que a voz saíra da pía baptismal. Así é que se achegou a ela e púxose a escoitar.

E a pía repetiu:

—Ai, aí...

Entón o home foise para a casa moi apesado e morreu dalí a uns días.

Mais nos *Contos do Valadouro* axiña detectamos o escuro vínculo entre as augas e a muller:

Un home de Ferreira saía de madrugada coa besta para Santo Acisco, e chegando á Ponte, o animal levantou as patas dianteiras e negouse a pasala, por máis que o home lle ficaba as esporas. E é que no medio da ponte había unha muller moi alta, vestida de negro, que non se movía. O home ao primeiro pensou: “Igal é Pepa do Pito, que vén esperar o Lorito, que lle trae o peixe de Viveiro”. Mais non era esa nin outra. E como a besta se negase a dar un paso, ambos, home e cabalo, tiveron que dar volta.

O vínculo da muller coas augas e co mal adoita completarse cunha figura animal, na maioría dos casos a serpe, que está presente nas nosas raíces relixiosas baixo o nome de Lilith, a Nai maldita:

En Ramasquide sae do río unha muller moi bonita. E antes de falarlle hai que dicir o seu nome, que ten varios. Se atinas, ela dache unha presa de area de ouro. Se non, vólvese cobra e lévate para o río.

Ás veces, unha mínima confluencia dos elementos auga-serpe-mal basta para nos facer sentir a presenza do feminino:

No rego do Piago Mouro, que está máis abaixo dos Degrosiños, hai unha cobra que fala.

As cobras, os dragóns, as ninfas e outros seres das augas son antigos símbolos de fertilidade. A mitoloxía cristiá mostra en moitas ocasións a relación de tales criaturas con certas santas, como observamos na lenda de Santa Mariña, que ademais de ser avogosa dos partos, da maternidade, reúne en si as naturezas acuática, solar e terrestre, igual que as antigas deusas-nais.

Son escasas no Valadouro as referencias a Mariña, fóra dunha antiga capela en San Pedro de Mor, consagrada a ela e hoxe desaparecida, mais temos ninfas dabondo revestidas de santas:

Cando fixeron a igrexa de Santa Cruz había unha Santa Helena que escapaba todos os días para a Fonte das Curuxeiras, onde gustaba de peitearse. Á tardiña os veciños íana buscar e levábana outra vez para o seu sitio.

Un día preguntáronlle por que escapaba, e ela díxolles:

—É que eu á igrexa non me afago.

E tampouco a de Bacoí:

A Virxe de Bacoí vaise lavar polas mañás na Fonte da Nosa Señora.

A relación da Virxe coas augas é frecuente no Valadouro:

Cada domingo, antes da misa, a Santa María de Vilacampa vaille lavar os peñños ao Neno no Rego de Sinás.

Mesmo ás veces, a querencia das “santas” polas augas contáxiase aos compadres das parroquias:

*Un home de Recaré pasou por diante da igrexa un pouco antes do amencer do Día do San Xoán e sentiu uns taraboulos dentro. O home agachouse detrás dunhas pedras, morto de medo. De alí a un pouco saíron os santos pola porta e colleron para a Fonte da Pedreira, onde se puxeron a bailar moi animados. Ao abrir o día, voltaron para a igrexa, e xa nas súas peañas, despedíronse:
—Deica o ano que vén, compañeiros.*

No caso de Ferreira, a raíña das ninfas aparece como fundadora da vila:

En tempos, Ferreira era un burguiño de catro casas ao pé dunha lagoa que estaba onde hoxe é A Praza. Un día, estando unhas mulleres a lavar alí, aparecéuselles a Virxe nun amieiro. As mulleres deron noticia do caso ás xentes do Valadouro, e acordaron facer unha capela na beira da lagoa. Desde aquela deron en vir romeiros de moitos sitios e fóronse facendo máis casas. E así naceu Ferreira.

Non é casual, ademais, que na capela citada se rendera culto á Virxe do Leite, moderna deusa-nai, até a demolición do edificio, no primeiro terzo do século XX, nin que a festa da patroa de Ferreira se celebre o oito de setembro, festividade romana de Ceres, deusa da fertilidade.

Un exemplo ben claro do feminino, da primitiva deusa-nai como forza procreadora universal témolo na seguinte lenda, adaptada polo cristianismo ao seu imaxinario:

As primeiras flores da primavera son as pingas de sangue do ventre da Nosa Señora.

A Igrexa non só tratou de suplantar as ninfas con santas, serpes e outras criaturas, mais tamén cun fillo de seu, ben distinto:

Viña un cavador do monte, cando ao pasar a Ponte das Paxariñas deron con el no río. Por máis que quería saír non podía, que o tiñan agarrado pola roupa. Entón volveuse para ver quen era, e non vendo ninguén, dixo:

*—Aparta de aí, Satanás,
cen leguas de min atrás,
porque o Día de Santa Cruz
cen veces dixen Xesús,
coroa, cravos e cruz.*

E saíu da auga e foise para casa sen outro mal.

Ás veces, nos contos das augas o mal preséntase de forma ambigua:

Un rapaz que andaba ás canaveiras viu unha muller moi bonita na beira dunha lagoa, e ao quererlle falar, a muller meteuse na auga e desapareceu.

Ao outro día, o rapaz voltou ao sitio e estivo a ollar para a muller sen dicir palabra. Ela, véndoo tan interesado, preguntoulle:

—Queres casar comigo?

O mozo, que non tiña palabras, díxolle que si coa cabeza. Entón a muller espetoulle:

—E como vas casar comigo se non tes nin unha cadeira para sentarme?

El avergoñouse da súa pobreza, e xa se retiraba cando ela engadiu:

—Se queres casar comigo tes que cavar unha fanega de monte.

O rapaz foise moi contento, cavou a fanega e voltou para a lagoa. Entón viu a muller que saía da auga sentada nunha cadeira que só tiña un pé, e que lle dicía:

—Tes que cavar outra fanega até que lle nazan á cadeira os pés que lle faltan.

O rapaz foise para o monte, cavou o cacho mandado e voltou para o sitio da aparición. A muller saíu da auga na cadeira, que xa tiña dous pés, e díxolle:

—Aínda non é dabondo. Vai cavar outra fanega e volve mañá. O mozo, que estaba cada día máis prendado da muller, obedeceu. E para o outro día viu que lle nacera o terceiro pé á cadeira.

Así e todo, a muller mandoulle cavar outra fanega e que volvease ao raiar o sol.

El cumpriu co traballo, e á hora acordada sentouse na beira da lagoa a agardar pola muller.

De alí a un pouco saíu ela sentada na cadeira, que xa tiña os catro pés, e díxolle:

—Ven canda min, que imos casar.

O mozo deulle a mao e metéronse os dous na auga. E nunca máis se soubo deles.

Ademais dos citados “traballos do heroe”, vemos que os degaros do rapaz vense colmados ao se producir a confluencia do sol coas augas e coa terra, igual que acontecera no conto de Ana, Xoana e Viviana.

Alén disto, o relato mostra outros elementos de interese: en primeiro lugar, o motivo das antigas lendas irlandesas¹⁵ en que unha muller procedente do Paraíso, situado alén das augas, vén en procura do heroe para levalo canda ela. Esta é, si, a deusa que os galegos continuamos a venerar baixo o nome de Virxe da Barca, rente ao mar de Muxía, de Santa Comba, no Ferrol, etc...

O segundo elemento de importancia que apreciamos no conto aparece tamén no relato das bruxas do Xistral e no das ninfas da Candea Branca. Referímonos ás eivas físicas dos protagonistas, que simbolizan a inmadurez do heroe. Neses contos, as eivas do primeiro chepudo e do cabalo de Viviana correspóndense co defecto da cadeira, que é corrixido felizmente polo rapaz ao sintonizar coa orde máxica, en canto a inmadurez do segundo chepudo e da nai das rapazas impide acadar o ben desexado.

As augas que refiren as lendas europeas adoitan ser as do mar, mais tamén as das lagoas e dos pozos dos ríos, que foron sagrados na cultura celta, e que ás veces comunican coas augas primordiais, como se aprecia tamén nun relato noso:

O Encanto de Valdeinfernos sae ao mar por debaixo do Pozo da Onza de Budián, no Rego do Areal.

Ou conducen ao Outro Mundo:

No Camiño do Corno, por baixo do Encanto de Paredes, perdeuse un carro. Rompeulle a chavella, caeu no pozo e nunca máis se soubo del.

Nalgunhas das nosas historias o mal suscita só un desacougo:

15. Sinalamos dúas, pola súa grande beleza: *A historia de Connla e a fada* e mais *A Viaxe de Bran*.

Cando Rafael de Sidro baixaba de apañar o molime en San Tomé, reparou en que deixara o paraugas no monte, e voltou alí. Un pouco máis abaixo da Ponte de Paredes viu saír unha muller moi grande do río e pór a roupa a enxugar. O home asustouse tanto que deixou o paraugas e escapou a correr para a casa.

O desacougo responde agora a unha ameaza certa:

Se alguén se vai mirar na auga do Pozo do Encanto do Cadramón ve a cara dunha muller moi bonita, e é un grande perigo, porque se fica alí a ollar para ela pasan douscentos anos.

O conto remite, ademais, ao milagre de San Ero de Armenteira e á Historia de San Amaro, forma cristianizada das citadas lendas dos heroes irlandeses que son guiados por unha muller marabillosa para alén do mar. A viaxe en procura de tal muller foi realizada tamén por Xasón ao país de Medea; por Ulises en procura da “tecedeira divina”; por Menelau, que foi rescatar “a que brilla como o sol”, á fortaleza de Ilion, ou sexa, de Helios; e mesmo polos santos de Artur en procura do cálice de ouro: cavidade primordial, ventre materno.

Xa vimos como o mal, no conto das bruxas do Xistral e no das ninfas da Candea Branca, aparece como un castigo. Mais outras veces o mal é libre:

No Rego da Pumarega, de Frexulfe, vese unha muller a peitear a melena moi bonita que ten, e os cabelos que caen na auga vólvense cobras.

E as ninfas vólvense falsas:

Estaban dúas nenas de Bacoí a alindar as ovellas xunto da Poza do Encanto, e niso viron saír da auga unha muller cun peite na mao. A muller díxolle á máis nova:

—Niña, ¿quieres que te peine?

A nena contestoulle que si, e cando a muller lle pasou o peite polo cabelo, a cativa volveuse cobra.

Entón a muller díxolle á outra:

—Tú, que eres la más bonita, ¿quieres que te peine?

A nena respondeulle:

—Arrenegada sexas, na vida e mais na morte.

E a muller desapareceu.

E mesmo crueis:

Unha rapaza de Santa Cruz viña de noite para a casa e no rego do Rebuxento viu unha vella lavando. A rapaza tomou medo e apartouse do camiño. Entón a vella berroulle para que lle axudase, mais a rapaza apurou o paso sen lle contestar. Cando chegou á casa contoulle o que pasara á irmá, que quedara atendéndolle o neno. Esta, que era moi falangueira, mesmo riu dela, e desde que cearon fóronse deitar as dúas. Conque polo medio da noite, o cativo despertou chorando e foise meter na cama con elas. As rapazas asustáronse ao sentir o neno frío e puxéronse a darlle fregas e a acochalo como puideron. Con todo, o neno enfermou, e de alí a uns días morreu.

As ninfas vólvense irmás da morte porque, como vimos, as mouras e as bruxas non só reparten o ben, mais tamén o mal, igual que as deusas-nais son dadoras da vida e da morte. Así, o mal, nas nosas lendas e baixo formas diversas, procede tamén da muller:

Un rapaz de Frexulfe que viña do Xesto coas ovellas viu pasar unha muller que levaba unha pedra moi grande na cabeza, e en chegando á casa fíllelo contar aos pais. Eles contestáronlle que non voltase por alí co gado, xa que a muller que vira era unha Encanta e podía levalo canda ela. O rapaz prometeu facer como lle dicían, mais ben seguro que desobedeceu, porque ao outro día foise co rabaño para o monte e nunca máis voltou.

No seguinte conto relacionamos a vella coa orde feminina pola observación que aquela fai á nena a respecto do sol, e polo número de follas da rosa que lle entrega, que simboliza a transgresión do mes feminino, de vinte e oito días¹⁶:

Unha nena do Cadramón que andaba coas ovellas viu unha cova xunto do Pozo do Encanto, e ao entrar nela topou cunha vella que estaba sentada ao pé da lareira. A vella volveuse para a nena e díxolle:

—Toma esta rosa das vinte e nove follas e lévaa para a casa, e cada día, antes de raiar o sol, arráncaslle unha folla. A nena voltou para a casa coa flor e foi facendo como a vella lle dixera. E ao arrancarlle a folla derradeira, caeu morta.

16. O número 28, o seu múltiplo, 56, e os submúltiplos, 7 ou 14, aparecen con frecuencia nos relatos de viaxes ao paraíso, indicando o número de estrofas, o número de días empregados nas navegacións, o número de expedicionarios, etc... Máis que casualidade, esta constante garda un significado que hoxe descoñecemos.

Ao cabo, o mal e a morte, como atributos das deusas primitivas, foron aproveitados pola Igrexa no seu labor colonizador, como podemos ver no conto seguinte, que advirte dos perigos que carrega a inversión da “orde lexítima” da Cruz, simbolizada pola pía virada:

Na igrexa de Bacoí había unha pía bautismal que xa non se usaba, e un día o cura mandou tirala nun ribeiro. Como a pía quedou virada viñan todas as noites unhas mulleres e púñanse a fiar enriba dela, laiando como as cadelas.

Os veciños tomaron tanto medo que llo foron contar ao cura, mais el non lles fixo caso. Entón pillaron a pía nun carro e levárona para o adro da igrexa, e desde aquela as mulleres non voltaron máis¹⁷.

Vellas, fianderas, bruxas..., as protagonistas dos contos “do mal” presentan aínda outros aspectos:

Un rapaz de Vilacemil viña unha noite de traballar cando lle saíu ao camiño unha muller moi alta que lle deu unha peza de roupa negra. O rapaz foise agrimado, e ao chegar á casa atopou a nai morta.

Mesmo mostran un aspecto terríbel:

Un home dos Coutiños de Oirán viña unha noite de traballar no monte, e ao chegar á casa sentiu que lle andaban apañando no centeo. O home achegouse caladiño para pillar o ladrón, e viu unha muller altísima, cos dentes regañados, que estaba a encher un saco co grau. O home asustouse e escapou para a casa. Pola mañá foi mirar o centeo e viu que non lle faltaba nada.

Outras veces son bruxas:

Estaba unha nena a xogar diante da casa cando chegou unha vella, deulle un abrazo e foise sen dicir palabra. Ao outro día a nena enfermou, e como non daba mellorado os pais levárona a unha meiga. Esta mandoulles que metesen a nena na cama e que non se movease pasase o que pasase. Así o fixeron. Aquela noite

17. As “fiandeiras do destino” reaparecen como bruxas no *Macbeth* de Shakespeare, e na recreación cinematográfica do drama, feita por Kurosawa, as bruxas son substituídas por una vella fiando.

entrou na casa un enxame de moscas e estiveron toda a noite a picar na cativa. E para o outro día curou.

Ou a meiga chuchona:

Pepe do Ferro tiña unha moza en A Laxe, que era meiga, igual que a mai. Un día Pepe foi ver a rapaza, e ao chegar á casa reparou nas dúas mulleres, que estaban a facer unha cazolada no lume. E niso a vella saíu a voar pola cheminea. O rapaz petou na porta como se non vise nada, e a moza mandoulle pasar, botoulle un vaso de viño e estiveron a parolar até que chegou a noite. Entón dixo a rapaza:

—Voume deitar, que mañá teño que ir ao molime.

E ao despedirse engadiu:

—Ai, Pepe. Se ves unha mosca grande polo camiño non a mates.

—E logo por que? —repuxo el.

—Porque non é bon agoiro.

O mozo botou a andar pola costa abaixo, e de alí a un pouco veu unha mosca grande e púxose a zoar arredor del. Pepe espantábaa coa mao, mais a mosca non paraba de azurralo. Entón o rapaz pegoulle unha vareada e matouna. E agrimou vendo que a mosca sangraba a rego.

Ao outro día, indo para a casa da moza, sentiu tocar a defunto. Cando chegou, saíu a rapaza a chorar e díxolle que a mai morrera aquela noite.

E gustan de mudar a aparencia¹⁸:

Nunha casa do Cadramón, indo para Ferrocente, había un matrimonio ao que lle morrían todos os fillos. A última en nacer fora unha neniña, e por moitos coidados que lle deron, enfermou cando aínda non deixara de mamar.

Os pais, vendo que enfraquecía, igual que lles pasara aos irmáns, foron cabo dunha veciña que tiñan por meiga para que lles dese algún remedio.

A vella foi apañar unha herbas e mandou que as fervesen denoite e lle desen aquela auga a nena.

Conque así o fixeron, mais a nena non melloraba, e á volta duns días estaba tan ensumida que os pais pensaron que morría. Conque mandaron buscar o cura. E cando el chegou foi

18. As metamorfoses da muller en animal aparecen xa en representacións plásticas paleolíticas.

sacramentar a cativa, e entón reparou nuns furados que había nas sabas, e dixo:

—Estanvos a secar a nena, e non sei quen é, mais, se Deus quere, habémolo saber axiña.

Así é que mandou que lle mudasen as sabas á pequena e despois foise, quedando en voltar pola noite.

Desde que escureceu, presentouse o cura na casa, foi mirar as sabas e viu que tamén estaban furadas, conque desfixo a cama e encontrou unha araña que lle estaba a zugar o sangue á nena. Tirouna no piso e esmagouna co pé. E despois dixo:

—Quen vos está a secar a nena é a meiga de Ferrocente, que polas noites vólvese araña e vailles zugar o sangue ás criaturas. Os pais da nena non acreditaban, dicindo que a vella estivera a menciñar a cativa. Entón o cura volveuse para o home e dixo:

—Pilla un candil e vente canda min.

O home obedeceu e botaron a andar para a casa da meiga. Cando chegaron, petaron na porta e non lles contestou ninguén. Entón abriron e encontraron a vella morta. E tiña a cabeza esmagada.

Ás veces semellan a propia morte:

Unha noite un home do Reirado viña de ver unha moza que tiña na Veiga de Santa Cruz, e ao pasar Suaigrexia, topou cunha muller moi alta, toda vestida de negro que ía camiño do cemiterio. O home foi atrás dela, e ao chegar ao camposanto tirou uns mistos para verlle a cara, mais non lle prenderon. Entón a muller díxolle:

—Vaite, se non queres que che pase o peor.

O home asustouse tanto que nunca máis por alí pasou.

Ou volven da morte para se nutriren de nós:

Unha noite, un rapaz do Cadramón foi visitar una veciña que estaba moi enferma. De camiño cruzouse cunha muller e sentiu que lle roubaba o alento. El quixo agarrala para defenderse, e xa pensou que a tiña apreixada cando se encontrou sen nada no medio dos brazos. Foise moi asustado, e en chegando á casa da enferma díxeronlle que a muller acababa de morrer¹⁹.

Ou resultan ser outra cousa:

19. Na Galiza, ademais da meiga chuchona, o vampiro adoita ser muller, e ás veces, como é o caso, aliméntase non de sangue, mais do alento humano.

Unha vez ía un rapaz ás mozas, e no camiño topou cunha rapaza moi bonita que lle pediu que a acompañase porque tiña medo. O rapaz aceptou, e foron andando xuntos até chegar a uns pasadoiros. Entón a rapaza díxolle que subise el diante; mais como o rapaz era ben educado, deixouna pasar a ela. E vendo que tiña as pernas laúdas como as dunha ovella, dixo:

—Deus me valla!

E a rapaza contestoulle:

—Non che vale ningún se non sabes os responsos de San Xoán retorneados!

E como o rapaz non os sabía, ela tirouno polos pasadoiros e matouno.

Pois que elas teñen o poder...

O poder do lobo:

Estaba un home do Pereiro a gardar o gado dos veciños cando viu saír unha muller de entre unhas penas. Ao chegar cabo del, a muller volveuse loba e matou unha xata. O home preguntoulle por que matara aquela, que era dunha velliña pobre, e a loba contestoulle:

—Porque cando a vella botou a xata para o monte non dixo: “Que San Antoniño a acompañe.”

O poder da serpe:

Un rapaz do Albardo viña un día para a casa e ao pasar polo Rego da Laxe saíu a Encanta da auga e díxolle:

—O que de aquí me ha sacar tres veces polo nome me ha chamar.

O rapaz ía dicir tres veces o nome da Encanta, mais ela non lle deixou e mandoulle volver para o outro día. Pola mañá cediño, o rapaz volveu ao río. Entón presentóuselle a Encanta en forma de cobra e enrebozóuselle no pescozo. O rapaz tomou medo e dixo:

—Deus me valla!

E a cobra desapareceu.

O poder do can:

Na Ponte de Centoi aparecéuselle a Zarrulada a un home que voltaba para a casa. Era unha cadela grande e mais uns cadeliños que se lle metían ao home polo medio dos pés

*impedíndolle camiñar. Con todo, el chegou á casa, pillou a escopeta para ir contra os cans, mais a arma non disparaba. E a Zarrulada foise*²⁰.

O poder do cabalo:

Estes eran sete mozos que se xuntaran para ir a unha festa, e enredando aquí e acolá, botóuselles a noite. Ao chegar ao pé do río da Onza, que non tiña ponte nin paso, puxéronse a discutir se mollarse ou dar volta. Niso presentóuselles un cabalo branco. Un dos mozos brincou no lombo do animal, e dixo:

—Aínda colle outro!

*E subiu o segundo. E o animal deu en estirar, e colleron os sete. E cando ían polo medio do río, o cabalo desapareceu e afogaron todos*²¹.

O poder da vida e da morte:

Un home tiña un fillo moi desabogoso, e cada vez que rifaban, dicíalle:

—Que te coma o demo!

E o fillo contestáballe:

—E a ti unha besta!

Un día, estando o pai moi enfermo, entrou unha besta na casa, e onde puña os pés nacía unha fonte.

A besta subiu ao sobrado, e en chegando ao cuarto do enfermo, ollou para el, e o vello deu a alma.

Poder, en fin, da Natureza, que a muller converte en Cultura, como vimos, ao ordenar a terra e as colleitas, diferenciándose do home que, paradoxalmente, irá estreitando os vínculos con ela a medida que o grupo humano se fai máis numeroso e a demanda de orde e de poder militar fronte a outros grupos alenta a intervención dos varóns.

En consecuencia, os mitos criados neste paradoxo narran a creación do mundo por obra dun deus masculino que, con todo, escolle a terra, a Nai, como materia para crear o home. E este, segundo as antigas lendas, celtas ou cristiás, ha regresar a ela, igual que Edipo, polo camiño dos heroes, igual que Ulises, que

20. A Zarrulada semella o dobre maligno da Galiña cos Pitos.

21. Epona ou Hipona, deusa celta das augas e da morte, é a deusa-cabalo, igual que a galesa Rhiannon, mortífera sedutora de homes.

Menelau, que Xasón, igual que nós propios, camiño da casa, cara ao Xistral, talvez, onde as sabias mulleres agardan o abrir do sol para repartiren a alegría a quen a Canción souber.